


ACCESO AO LUGAR DA COMPETICIÓN



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade, nunha das oficinas da FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com



"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"



CAMPO DE TIRO RIO SAR
CHAÍAN TRAZO A CORUÑA

XVIII
CAMPIONATO GALEGO
COMPAK SPORTING

3 - 4 XUÑO 2017



COMITÉ ORGANIZADOR

DON JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente Federación Galega de Caza

DON MANUEL SAA CASARIEGO

Presidente Federación Galega de Caza en A Coruña

DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente Sociedade Deportiva "Río Sar"

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Secretario Xeral Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

DON JOSÉ A. PENA FERNÁNDEZ

Vocal Federación Galega de Caza

ÁRBITROS

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

XURADO DE COMPETICIÓNS

Nomearase pola Federación Galega de Caza

SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de escuadras e dorsais realizarase o día 31 de maio ás 9:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

REGULAMENTO

O campionato rexerase polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e normas complementarias da Federación Galega de Caza.

Segundo a normativa de Compak Sporting e Percorridos de Caza, é obrigatorio o emprego de proteccións acústicas e ópticas para participantes e para xuíces.

Para participar en calquera proba é obrigatorio tela documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

PROGRAMA

3 de xuño de 2017

Adestramentos a partir das 11:00 h

4 de xuño de 2017

8:00 h – Concentración de participantes no campo de tiro.

8:30 h – Comezo da competición

CAMPO DE TIRO

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado "Río Sar", sito en Chaián, Trazo (A Coruña) sobre 150 pratos, nas categorías de Sénior (establécense tres categorías sénior conforme a normativa), Dona, Veterano, Súper -Veterano, Xuvenís e Handisport. De acordo co convenio para a realización desta competición, tódolos tiradores dispoñerán dun vale para a comida. Este vale é nominativo, persoal e intransferible. A Sociedade Deportiva Río Sar, pon a disposición dos acompañantes que o desexen vales para a comida.

INSCRICIÓNS

Participarán 66 tiradores oficiais: 18 por A Coruña, 17 por Lugo, 13 por Ourense e 17 por Pontevedra máis o campión do ano anterior.

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do día 31 de maio. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa autonómica da Federación Galega de Caza en vigor ou homologado pola FGC.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 31 de maio. O pago da inscrición poderá realizarse no campo de tiro no momento da concentración (70€ sénior e veteranos, 50 € o resto das categorías). Os tiradores inscritos por libre terán dereito a premios, mentres que para a formación da Selección Galega unicamente poderán optar os membros das Seleccións Provinciais.